

## MESA ELECTORAL DAS ELECCIÓNS Á XUNTA DE PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA DO 23 DE MAIO DE 2023

**Acordo, do 20 de abril de 2023, da Mesa electoral das eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia polo que se resolve a reclamación formulada pola Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSIF) en relación co censo provisional de persoas electoras nas eleccións do 23 de maio de 2023**

Examínase o escrito (doc. 52823) presentado o 17 de abril de 2023 por D. José Ramón Villalibre Fernández, representante legal e presidente provincial da *Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSIF)* mediante o que formaliza unha reclamación en relación co censo provisional de persoas electoras e elixibles nas eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia previstas para o 23 de maio de 2023.

Na reclamación solicita:

*Incluir en el censo laboral y electoral al personal funcionario que presta sus servicios en el Valedor do Pobo ya que en base a lo establecido en el art 10 de la Ley 6/1984 se considera personal al servicio del Parlamento.*

Logo de obtida a información pertinente das unidades administrativas da Administración da Cámara para resolver esta reclamación e tendo en conta as seguintes

### CONSIDERACIÓNS

**Primeira.** Antes de entrar no fondo do asunto, debe facerse a seguinte precisión: a reclamación debe reconducirse á canle prevista na normativa aplicable a estas eleccións. Xa que logo, a reclamación preséntase en relación co censo electoral dentro do prazo previsto no artigo 10 das Normas reguladoras das eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 156, do 8 de xuño de 2006) e no calendario electoral aprobado e publicado pola Mesa electoral na súa reunión do 12 de abril de 2023.

**Segunda.** O Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia (DOG 248, do 26 de decembro de 2007 e corrección de erros no DOG núm. 251, do 31 de decembro de 2007), norma con rango de lei, configura a Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia como o órgano colexiado de representación do persoal funcionario ao servizo desa administración (art. 60 do EPPG). E esta Administración está integrada polo persoal funcionario da Administración da Cámara que se atope en servizo activo, de conformidade co art. 1 das Normas reguladoras das eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia.

No artigo 2.1 das precitadas normas, ten a condición de persoa electora:

- a) O persoal funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia en servizo activo [art. 2.1.a) das Normas e art. 44.1.a) do EPPG].
- b) O persoal funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia en servizo activo en comisión de servizos [art. 2.1.b) das Normas e art. 44.1.b) do EPPG].

## MESA ELECTORAL DAS ELECCIÓNS Á XUNTA DE PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA DO 23 DE MAIO DE 2023

c) O persoal funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia en servizos especiais que ocupe postos de persoal eventual [art. 2.2 das Normas e art. 45 do EPPG].

d) O persoal funcionario interino da Administración do Parlamento de Galicia [art. 2.1.c) das Normas e art. 5 do EPPG].

No seu punto 2.2 recolle que *«será elector, sen ter o carácter de elixible, o persoal funcionario que ocupe postos de persoal eventual, cualificados de confianza ou asesoramento especial, que se atope na situación administrativa de servizos especiais.»*

**Terceira.** A unidade electoral, na que se están a celebrar eleccións é a Administración do Parlamento de Galicia, conta cun censo de 70 funcionarios e funcionarias que reúnen a condición de elector e elixible segundo a normativa vixente e está exposto no taboleiro e na páxina web da Cámara.

Semella procedente informar que a interpretación que o CSIF pretende darlle ao disposto no artigo 10 da Lei do Valedor do Pobo non é nova, xa que recentemente tense pronunciado a Mesa do Parlamento con motivo da solicitude —e posterior recurso de reposición— de integración de certo persoal do Valedor do Pobo na Administración da Cámara galega. Polo que a continuación, reproducense os argumentos recollidos nos acordos da Mesa do Parlamento do 19 de decembro de 2022 e do 6 de febreiro de 2023:

*«1ª. O réxime xurídico aplicable a esta petición é o constituído pola Lei do Valedor do Pobo 6/1984, do 5 de xuño (LVP), o Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo (ROFVP) e o Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia (EPPG) (DOG núm.248, do 26 de decembro de 2007). Tamén debe terse en conta o acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 17 de xaneiro de 2008, polo que se desestima a petición de integración nos grupos C e D da Administración da Cámara dos solicitantes que ocupaban un posto na relación de postos de traballo do Valedor do Pobo.»*

O artigo 10 da LVP dispón o seguinte:

*1. O persoal ó servizo do Valedor do Pobo considerarase persoal ó servizo do Parlamento mentres permaneza no exercicio das súas funcións. Dependerá orgánica, funcional e disciplinaríamete do Valedor do Pobo e rexerá polas normas de réxime interior previstas na disposición adicional e, con carácter supletorio, polo Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.*

*2. O cadro de persoal será aprobado pola Mesa do Parlamento por proposta do valedor ou da valedora do pobo. Dentro do devandito cadro o valedor ou a valedora do pobo poderá designar ata cinco persoas asesoras, sempre que sexa posible dentro dos límites orzamentarios.*

*O persoal restante deberá reunir a condición previa de funcionario ou funcionaria de calquera das administracións públicas e poderá ser adscrito á súa oficina por libre designación ou por concurso público segundo a relación de postos de traballo.*



## PARLAMENTO DE GALICIA

### MESA ELECTORAL DAS ELECCIÓNS Á XUNTA DE PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA DO 23 DE MAIO DE 2023

*3. Os funcionarios provenientes das administracións públicas galegas, parlamentaria, local e da Comunidade Autónoma, adscritos á oficina do Valedor do Pobo, terán dereito a ser declarados na situación administrativa de servizos especiais na súa Administración de orixe, agás os que se incorporen por concurso público, que pasaran á situación prevista no artigo 54 da Lei da función pública de Galicia.*

*O Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo no título VI “Do persoal ao servizo do Valedor do Pobo”, regula o seu réxime de acceso, clasificación, estrutura, dereitos e obrigas das persoas que prestan servizo nesa institución. A selección de persoal correspóndelle ao Valedor, de conformidade cos principios de mérito e capacidade. Na actualidade, froito da regulación inicial da LVP e posteriores modificacións, na oficina do Valedor convive persoal funcionario que na súa administración de orixe se atopa na situación administrativa de servizos especiais e aquel que está na situación administrativa de servizos noutras administracións, manténdose nesa situación por non estar prevista legalmente a integración na Administración parlamentaria.*

*2ª. O Valedor do Pobo non conta cun réxime funcional propio. A oficina do Valedor do Pobo —que é a organización administrativa ao seu servizo— dótese con persoal funcionario das administracións públicas, incluída a parlamentaria. Como indica o precepto transcrito, o dito persoal “considerarase persoal ao servizo do Parlamento mentres permaneza no exercicio das súas funcións”. Expresión común ás institucións análogas como son o Defensor del Pueblo e a maioría dos defensores autonómicos (Andalucía , Aragón, Baleares, A Rioxa, Valencia, etc.).*

*En relación coa interpretación da expresión “terán a consideración” esta debe facerse sempre coa conditio iuris “mentres permaneza no exercicio das súas funcións”. Esta frase é clave para negar a consideración de funcionarios da Administración do Parlamento ao persoal funcionario que desempeña un posto de traballo na citada institución, dada a imposibilidade xurídica de integrarse temporalmente como funcionario de carreira na Administración da Cámara durante o tempo que permaneza no exercicio das súas funcións na oficina do Valedor do Pobo e quedar separado unha vez que deixe de prestar servizo nesa institución. Cando un funcionario de carreira está integrado nunha administración no corpo ou na escala na que ingresou logo de superadas as correspondentes probas selectivas, esta integración é con carácter definitivo, sen prexuízo de que ao longo da súa vida laboral pase por diferentes situacións administrativas e desempeñe postos de traballo nas relacións de postos de traballo de diferentes administracións.*

*Fica, pois, claro que o propósito do lexislador foi que todo o persoal funcionario pertencente a diferentes administracións públicas que desempeñase postos de traballo na relación de postos de traballo do Valedor do Pobo, fose considerado como persoal non só ao servizo dese institución senón tamén ao servizo da Cámara. Pero, insístese, esa intención do lexislador é moi diferente á de considerar persoal funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia a calquera funcionario doutra administración polo feito de desempeñar un posto de traballo no Valedor do Pobo da relación de postos de traballo desta institución que, como é sabido, é diferente á da Administración da Cámara.*

## MESA ELECTORAL DAS ELECCIÓNS Á XUNTA DE PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA DO 23 DE MAIO DE 2023

*Por maior abastanza, resulta clarificadora e concluínte a sentenza n.º 855/2003 da Sala do contencioso- administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se desestimou un recurso no que se solicitaba a equiparación do complemento específico do posto de condutor-ordenanza do Valedor do Pobo cos postos similares desempeñados por funcionarios de carreira da Administración do Parlamento de Galicia.*

*No seu fundamento terceiro dispónse:*

*La pretensión que el actor deduce, pese a su fundamentación y racionalidad y a contar con el apoyo del Defensor autonómico al que sirve, no puede ser acogida por cuanto el régimen jurídico a que está sujeto el personal del Valedor do Pobo es diferente del aplicable al personal de la Administración del Parlamento de Galicia tal y como se infiere del artículo 10.1 de la ley del Valedor do Pobo en relación con el artículo 1 del Estatuto de personal del Parlamento de Galicia. Distinta es también la clasificación de puestos de trabajo en una y otra institución, pues en cada una de ellas se hace figurar independientemente los funcionarios a su respectivo servicio, siendo evidente que los que se integran en la institución del Valedor no figuran en el cuadro del Parlamento y viceversa, destacando en tal sentido diferencial que es la Mesa del Parlamento la que conforme el artículo 10.2 de la ley 6/1984, la encargada de aprobar la relación de puestos de trabajo que propone el Valedor do Pobo para el funcionamiento interno de su propia institución y que tanto desde el punto de vista estructural como de dependencia orgánica y funcional el personal de ambas instituciones se rige por normativa diferente, en un caso el Estatuto de personal y en otro la ley 6/1984, al igual que sucede en materia disciplinaria.*

*En consecuencia, es obvio que el contenido del citado artículo 10.1 no atribuye sin más, en ausencia de ley que lo establezca o de acuerdo general que así lo determine, la equiparación funcional pretendida entre unos y otros servidores públicos.*

*Insistindo na resolución do recurso de reposición presentado en reforzar os seguintes conceptos funcionariais co fin de refutar as fundamentacións plasmadas no escrito de reposición:*

*-É básico e forzoso partir dunha obviedade: "Ter a consideración" non é un termo idéntico a ser, polo que ter a consideración de persoal do Parlamento de Galicia non debe confundirse con ser persoal do Parlamento de Galicia. Os asinantes do recurso de reposición non son funcionarios de carreira do Parlamento de Galicia como se recolle e se motiva no citado acordo da Mesa do Parlamento, ao que nos remitimos.*

*-A Administración do Parlamento de Galicia e a Administración do Valedor do Pobo (oficina do Valedor do pobo) non son a mesma Administración; como o evidencia o feito de ter Relacións de postos de traballo diferentes e Regulamentos de organización e funcionamento diferentes. As normas do Parlamento de Galicia en materia de persoal aplícanse supletoriamente ao persoal do Valedor do pobo que se rexe pola súa Lei de creación e Regulamento de funcionamento.*



## PARLAMENTO DE GALICIA

### MESA ELECTORAL DAS ELECCIÓNS Á XUNTA DE PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA DO 23 DE MAIO DE 2023

*Certo é que a súa relación de postos de traballo, plantilla segundo a Lei do Valedor do Pobo, será aprobada pola Mesa do Parlamento, como recollen os recorrentes no seu escrito, pero debemos completar o redactado do artigo citado: “a proposta da Valedora do Pobo ou Valedor do Pobo”, polo que a Mesa carece de competencias para modificar de oficio a relación de postos de traballo, denominación do posto, funcións, grupo de titulación, provisión, ...consecuentemente, calquera modificación que se pretenda na relación de postos de traballo debe ser proposta pola titular da Valedora do Pobo.*

*Sen esquecer que sobre a interpretación do artigo 10 da lei do Valedor do Pobo ,no que se fundamenta a reclamación, tense pronunciado no fundamento terceiro a sentenza 855/2003 da sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia,: “El régimen jurídico a que está sometido el personal del Valedor do Pobo es diferente del aplicable al personal de la Administración del Parlamento de Galicia tal y como se infiere del artículo 10.1 de la ley del Valedor do Pobo en relación con el artículo 1 del Estatuto de personal del Parlamento de Galicia. Distinta es también la clasificación de puestos de trabajo en una y otra institución, pues en cada una de ellas se hace figurar independientemente los funcionarios a su respectivo servicio, siendo evidente que los que se integran en la institución del Valedor no figuran en el cuadro del Parlamento y viceversa.*

*En consecuencia , es obvio que el contenido del citado artículo 10.1 no atribuye sin más, en ausencia de ley que lo establezca o de acuerdo general que así lo determine, la equiparación funcional pretendida entre unos y otros servidores público”*

**Concluindo:**

**1ª.- O persoal que presta o seus servizos no Valedor do Pobo, ocupando postos da súa Relación de postos de traballo provistos por concurso (en ningún caso se cuestiona a provisión por concurso dos postos ocupados polos recorrentes nin tampouco a súa situación administrativa de servizo noutra administración pública, por estar así prevista na normativa de aplicación) non se integra ipso facto no Parlamento de Galicia, integración que debera producirse ipso iure a través dos sistemas de acceso previstos no Estatuto de persoal.**

***2ª.- A pretensión, polo tanto dos recorrentes, non se axusta a legalidade vixente, por non existir a previsión legal que a recolla, sen prexuízo de que promovan as modificacións normativas precisas para dar satisfacción a solicitude presentada. Sen que a Mesa da Cámara estea facultada para levar a cabo os cambios normativos esixidos por carecer de iniciativa lexislativa de conformidade co disposto no artigo 110 do Regulamento do Parlamento de Galicia.»***

**Cuarta.** Logo de reproducido o citado acordo da Mesa da Cámara, hai que reiterar, polo tanto, que o “persoal ao servizo do Valedor do Pobo” malia que sexa considerado “persoal ao servizo do Parlamento mentres permaneza no exercicio das súas funcións” (art. 10. 1 da LVP) non é persoal funcionario da Administración do Parlamento de Galicia. O Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia ditouse «no exercicio da autonomía organizativa que posúe en canto poder público o Parlamento de Galicia e ten por obxecto regular o réxime xurídico do persoal ao servizo da súa administración» (art.

## MESA ELECTORAL DAS ELECCIÓNS Á XUNTA DE PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA DO 23 DE MAIO DE 2023

1 do EPPG). O disposto no nese estatuto *«aplicarase a todo o persoal que presta servizos na Administración do Parlamento de Galicia mediante unha relación profesional de emprego.»* E considera *«persoal funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia o que estea vinculado a ela por unha relación estatutaria regulada polo dereito administrativo para o desenvolvemento dos servizos profesionais retribuídos con cargo ao orzamento da Cámara.»* Este persoal figura inscrito no rexistro de persoal da Administración da Cámara (art. 18 do EPPG).

Como derivación lóxica de esta regulación, a Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia configúrase como o «órgano colexiado de representación do persoal funcionario ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia» (art. 60 do EPPG).

**Quinta.** Co actual marco normativo, nada impide que o Valedor do Pobo e, por tanto, a súa oficina contén co seu propio órgano de representación. Así, a Lei do estatuto básico do empregado público, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, verbo do seu ámbito de aplicación, di o seguinte:

### *Artículo 2. Ámbito de aplicación.*

*1. Este Estatuto se aplica al personal funcionario y en lo que proceda al personal laboral al servicio de las siguientes Administraciones Públicas:*

- a) La Administración General del Estado.*
- b) Las Administraciones de las comunidades autónomas y de las ciudades de Ceuta y Melilla.*
- c) Las Administraciones de las entidades locales.*
- d) Los organismos públicos, agencias y demás entidades de derecho público con personalidad jurídica propia, vinculadas o dependientes de cualquiera de las Administraciones Públicas.*
- e) Las Universidades Públicas.*

*2. En la aplicación de este Estatuto al personal de investigación se podrán dictar normas singulares para adecuarlo a sus peculiaridades.*

*3. El personal docente y el personal estatutario de los Servicios de Salud se regirán por la legislación específica dictada por el Estado y por las comunidades autónomas en el ámbito de sus respectivas competencias y por lo previsto en el presente Estatuto, excepto el capítulo II del título III, salvo el artículo 20, y los artículos 22.3, 24 y 84.*

*4. Cada vez que este Estatuto haga mención al personal funcionario de carrera se entenderá comprendido el personal estatutario de los Servicios de Salud.*

*5. El presente Estatuto tiene carácter supletorio para todo el personal de las Administraciones Públicas no incluido en su ámbito de aplicación.*

Esa lei exclúe do seu ámbito de aplicación a aquel persoal que está suxeito a unha lexislación específica, nos seguintes termos:

### *Artículo 4. Personal con legislación específica propia.*



## PARLAMENTO DE GALICIA

### MESA ELECTORAL DAS ELECCIÓNS Á XUNTA DE PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA DO 23 DE MAIO DE 2023

Las disposiciones de este Estatuto sólo se aplicarán directamente cuando así lo disponga su legislación específica al siguiente personal:

- a) Personal funcionario de las Cortes Generales y de las asambleas legislativas de las comunidades autónomas.
- b) Personal funcionario de los demás Órganos Constitucionales del Estado y de los órganos estatutarios de las comunidades autónomas.
- c) Jueces, Magistrados, Fiscales y demás personal funcionario al servicio de la Administración de Justicia.
- d) Personal militar de las Fuerzas Armadas.
- e) Personal de las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad.
- f) Personal retribuido por arancel.
- g) Personal del Centro Nacional de Inteligencia.
- h) Personal del Banco de España y del Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.

Pola súa banda, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, dentro do marco na norma básica anterior, define o seu ámbito de aplicación nos termos seguintes:

#### *Artigo 4. Ámbito de aplicación*

1. Esta lei aplícase ao persoal funcionario e, no que proceda, ao persoal laboral ao servizo das seguintes administracións públicas:

- a) A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) As entidades locais galegas.
- c) As entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas na letra do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- d) As entidades públicas instrumentais vinculadas ou dependentes das entidades locais galegas.
- e) As universidades públicas galegas.

2. O ámbito de aplicación definido por este artigo enténdese sen prexuízo das especialidades establecidas nos artigos seguintes.

#### *Artigo 10. Persoal dos órganos estatutarios*

As disposicións desta lei só se aplican directamente ao persoal dos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma de Galicia nas materias en que a súa lexislación específica se remite á lexislación da función pública galega. No resto dos casos, esta lei ten carácter supletorio para o persoal dos devanditos órganos.

Polo tanto, o Parlamento de Galicia e o Valedor do Pobo, ámbolos órganos estatutarios (artigos 9 e 14 do Estatuto de Autonomía de Galicia), son órganos institucionais diferenciados, polo que contan coa súa propia organización administrativa: a

## MESA ELECTORAL DAS ELECCIÓNS Á XUNTA DE PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA DO 23 DE MAIO DE 2023

*Administración do Parlamento de Galicia e a Oficina do Valedor do Pobo, respectivamente. Esta diferenza tradúcese nun réxime xurídico diferenciado. Así o persoal que está ao servizo do Valedor do Pobo non depende nin está adscrito ao Parlamento nin á súa administración. A súa dependencia e adscrición están establecidas nas normas que lle son aplicables: o art. 10.1. da Lei do Valedor do Pobo, que establece que depende *orgánica, funcional e disciplinariamente do Valedor do Pobo*. Esta dependencia reitérase no art. 18.1 do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo (DOG núm. 30, do 12 de febreiro de 2018). A organización pública da que depende ese persoal é a institución do Valedor do Pobo e, polo tanto, está adscrito á súa Oficina, organización administrativa ao seu servizo. Consonte ao dito regulamento, conta, polo tanto, cunha estrutura orgánico-funcional propia: a titular da institución, a quen lle corresponde exercer a xefatura do persoal e a potestade disciplinaria [art. 7.k)], e propoñer o cadro de persoal e proceder ao nomeamento e cesamento do persoal ao servizo da institución [art. 7.l)]. A Xunta de Coordinación e Réxime Interior que ten, entre as súas competencias, a de informar sobre as cuestións que afecten a determinación do cadro de persoal, así como o nomeamento e cesamento do persoal ao servizo da institución [art. 12.a)]. Á Secretaría Xeral correspóndelle supervisar os servizos administrativos da institución e darlle conta do seu funcionamento á Xunta de Coordinación e Réxime Interior [art. 19.2.a)]. E ao Servizo de Administración e Persoal compételle, a través da súa xefatura, dirixir, organizar e controlar os servizos administrativos [art. 24.2.a)].*

Pola contra, a estrutura orgánico-funcional da Administración do Parlamento de Galicia, que trae causa do disposto nos artigos 30.1.2.<sup>a</sup>, 60, 61, 62 e disposición derradeira cuarta do Regulamento do Parlamento de Galicia —norma con rango de lei— está regulada no Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (DOG núm. 87, do 7 de maio de 2028). O art. 1 dispón o seguinte:

### *Artigo 1. Autonomía administrativa do Parlamento*

*1. O Parlamento de Galicia ten autonomía para establecer a organización administrativa ao seu servizo que lle posibilite o desenvolvemento eficaz e eficiente das funcións que estatutariamente lle corresponden.*

*2. A autonomía da Cámara comprende as potestades para fixar a estrutura orgánico-funcional da súa Administración, regular o réxime xurídico do seu persoal e o seu réxime económico-financeiro, patrimonial e de contratación e, en xeral, para adoptar cantas medidas requira o seu goberno interior.*

E, consonte co seu art. 2 a Administración do Parlamento ten a seguinte estrutura orgánica:

- a) Mesa do Parlamento.*
- b) Presidencia.*
- c) Oficialía Maior.*



## PARLAMENTO DE GALICIA

### MESA ELECTORAL DAS ELECCIÓNS Á XUNTA DE PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA DO 23 DE MAIO DE 2023

O corolario deste réxime normativo diferente e diferenciado, persoal e organizativamente, é que a unidade electoral na que se van a desenvolver as eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia é, precisamente, a *“Administración do Parlamento de Galicia”* (art. 60 do EPPG e Normas reguladoras das eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia).

Pero ese marco normativo habilita para que os suxeitos lexitimados poidan configurar a *“oficina do Valedor do Pobo”* como unha unidade electoral co fin de que o persoal que presta os seus servizos nesa institución dispoña de órgano de representación: delegado ou xunta de persoal (Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical e Lei 7/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas).

A pretensión do sindicato reclamante —que é a inclusión no censo da Administración parlamentaria do persoal que presta servizos na oficina do Valedor do Pobo— non ten respaldo normativo nin xurisprudencial polo que a promoción de eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia en ningún caso pode servir para acadar un fin alleo a este proceso.


Por último deixar constancia que nas anteriores eleccións á xunta de persoal dos anos 2005, 2007, 2010 e 2015 o Censo electoral conformouse polo persoal funcionario da Administración do Parlamento de Galicia, sendo idéntica a redacción do artigo 2 *“Electores e elixibles”*, das Normas reguladoras das eleccións á Xunta de persoal da Administración do Parlamento de Galicia.

Consecuentemente, o persoal ao servizo do valedor non ten a condición nin de elector nin de elixible nas eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia.

Ao abeiro do disposto no art. 10 das Normas reguladoras das ditas eleccións, a Mesa electoral, na súa sesión do de abril de 2023, adopta o seguinte acordo:

DESESTIMAR a reclamación.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2023



María Teresa Morandeira Reboredo  
Presidenta da Mesa electoral

